



Portada

Sumario..... Páx. 2

EditorialPáx. 3

Nós participamos infantil..... Páx. 4

Infantil de 3 anos Páx. 5
 O mar, barcos e peixes Páx. 6, 7, 8
 Os paxaros, arco da vella e vacaciónsPáx. 9
 A casa e a familia Páx. 10

Infantil de 4 anos Páx. 11
 Letras galegas: Lois Pereiro Páx. 12

Infantil de 5 anos Páx. 13
 Unidade Didáctica Lois PereiroPax. 14, 15

II Ciclo de Primaria Páx 16
 Colgando do barrancoPáx 17
 Érase unha vez ... A música Páx. 18
 Co galego ata o Xapón Páx 19
 Adiviña adiviñanza Páx. 20
 Poesía Pax. 21
 Pasatempos Páx 22,23 e 24

Espacial Letras GalegasPax. 25
 É unha suma dePáx. 26
 A súa obraPáx. 27,28
 Biografía..Páx. 29, 30
 A súa obra (cont).....Páx. 31
 Galería de ImaxesPáx. 32,33,34,35

III Ciclo de Primaria Páx 36
 Vacacións inesperadasPáx. 37
 Poetas e debuxantesPáx. 38
 O meu colexioPáx. 39
 Sopa do bo humorPáx. 40
 Autosíntese....Páx. 41
 Lois Pereiro poesíaPáx.42
 O segredo das bruxasPáx. 43,44
 O gato afortunado...Páx. 45
 A nosa linguaPáx. 46

Concurso imaxe e título do Blogg.....Páx 47
 Alumnos/as Gañadores/as Páx 48,49,50,51,52
 Alumnos/as finalistas Páx. 53,54,55,56

Do galego ao inglés Páx. 57
 Sopa de letras..... Páx. 58
 Sopa de letras..... Páx. 59
 Encrucillado..... Páx. 60
 Sopa de letras..... Páx. 61

Contraportada



**d
e
f
e
n
d
a
m
o
s
o
n
o
s
o
i
d
i
o
m
a**

Editorial

Un ano máis ve a luz a revista escolar “A Buxaina” dos nenos e nenas do CEIP de Prácticas, na que colabora toda a comunidade educativa (alumnos, pais e mestres) co fin de seguir avanzando no proceso normalizador da lingua galega, para que os nenos/as se beneficien das vantaxes que supón o dominio de máis dunha lingua, pois sábese, entre outras, que é positivo para afondar no coñecemento das mesmas, e que facilita a adquisición doutros idiomas. As linguas sempre suman, nunca restan.

Somos posuídores dun grande tesouro e somos os responsábeis de conserva-lo, darlle brillo e agrandalo; dicía o noso gran poeta Manuel María que “o idioma non é, exclusivamente, noso: pertence aos devanceiros e aos que nos sucedan. Nós unicamente recibimos a lingua en usufruto e temos a obriga de conserva-la e melloralá... Se un idioma morre, morre tamén o pobo que o fala”.

É así que debemos darlle moito uso a valiosa xoía que brilla en cada palabra, aloumiñándoas, e conmemorando os persoeiros das nosas Letras que, como Lois Pereiro, se encargaron de lustrar e perfeccionar o noso idioma no nome de todos nós. Sabede que a lingua galega ten tanto futuro así como grande sexa o noso amor por ela.

Por todo iso, e para celebrar o Día das Letras Galegas deste ano de 2011, desde as páxinas deste xornal facemos unha homenaxe á figura de Lois Pereiro. O colexio, por uns días, converteuse na redacción dun xornal no que todos os alumnos e alumnas substituíron cunha enorme ilusión a xornalistas e redactores.



Mãe

Infantil

P

a

n

t

u

e

i

P

a

m

a


d

Fixemos una actividade sobre Lois Pereiro



E tamén sobre as Letras Galegas..

Así vemos o mar, a familia a casa





*ASÍ VEMOS NÓS A FAMILIA, A CASA,
O MAR , OS B ARCOS , A PROPIA
VIDA AOS NOSOS TRES ANIÑOS*





A Buxaina










A Buxaina







A Buxaina


AOS CATRO ANOS ASÍ VEMOS O
DÍA DAS LETRAS GALEGAS E A LOIS
PEREIRO





17 DE MAIO "DIA DAS LETRAS GALEGAS" LOIS PEREIRO - 2011

LUCIAM





**EN CINCO AÑOS
TRABAJAMOS UNHA
UNIDADE SOBRE
LOIS.....**






LOIA

17 DE MAIO DE 2011

DÍA DAS LETRAS



LOIS PEREIRO

AXÚDANOS A FACER A PORTADA DA REVISTA LOIA NA QUE SE DARÁ ESTA NOTICIA TAN IMPORTANTE
RECORTA E PEGA ONDE CORRESPONDA.






A Buxaina

LETRAS GALEGAS 2011. ACTIVIDADES EDUCACIÓN INFANTIL. LOIS PEREIRO

MARCHOU A ESTUDAR A MADRID. ALÍ COMEZOU A ESTUDAR A CARREIRA DE SOCIOLOXÍA QUE DEIXARÍA PARA ESTUDAR IDIOMAS.

LOIS PEREIRO





A	0
E	2
I	2
O	2
U	0

BUSCA E COLOREA NO TECLADO AS LETRAS QUE COMPOÑEN O NOME DE LOIS PEREIRO. CONTA AS VOGAIS QUE APARECEN NO NOME E NO APELIDO.

5

LETRAS GALEGAS 2011. ACTIVIDADES EDUCACIÓN INFANTIL. LOIS PEREIRO


Ola, chámome Loia e xuntos imos coñecer a Lois Pereiro a quen adicamos este ano o Día das Letras Galegas



LOIS PEREIRO

COLOREA O CORPO DE LOIA E A CARA DE LOIS.

TIVO DIFERENTES TRABALLOS: FIXO TRADUCIÓNS, ESCRIBIU NAS REVISTAS LUZES DE GALIZIA, LA NAVAL, E LETRISTA DE RADIO OCEANO, UN GRUPO DE POP-ROCK.



Xullo 2010.

RECORTA E COMPLETA O CREBACABEZAS DE LOIS PEREIRO.

M D M D
ETRAS
LEGAS



*Contos, historias,
refrains, xeroglíficos,
adiviñas...
Dende Galicia ata
Χαρόν co galego*



**S
O
B
O
C
I
O
L
O
G
I
C
O
D
E
P
R
I
M
A
R
I
A**



COLGANDO DUN BARRANCO

Nina era a coella de Sara.

Un día Sara e mais Nina foron dar un paseo e mentres Sara tomaba un batido Nina foi xogar coas margaridas. De repente viu un balón moi bonito. Foi xogar con el pero esvarou e quedou colgada dun barranco.

Empezou a berrar:

- Socorro! Socorro! Socorro!

De repente apareceron: Zúa, a gatiña, Tedi, o esquío, Robin, o raposo; e Mimi, a xirafa.

- Que pasa! Que ocorre! - dixo Zúa.

- Que estou colgada no barranco - dixo Nina.

Entón tiveron unha idea: Mimi ía estirar o seu pescozo e así Nina poderíase agarrar, mentres os demais tiraban de Mimi para que non caese. E así o fixeron. Nuns intreos Nina xa estaba de volta coas margaridas.

Nun anaco xa veu Sara para recoller a Nina, levala para a casa, darlle un baño e unha boa cea.

FIN

Ángela 4^ºA





Érase unha vez... música

Isto que vos vou contar ocorreu cando aínda falaban os animais e non existía a música. Se ben é certo que en realidade si existía, pero non tiña un nome. A historia comezou así:

Un día, no salón real, onde descansaba placidamente o rei león chamado Marcos, abriuse a porta de palacio, entrou un mensaxeiro e díxolle:

- Señor, Señor, convocaron unha reunión no salón de baile.

- E para que é esa reunión? - preguntou o rei intrigado.

- E para saber como se vai chamar isto ao que non lle atopamos nome.

Daquela quedou todo así. O rei ía dar cen moedas de ouro a quen dese co nome daquel son tan fermoso que saía dos instrumentos e das bocas dalgúns animais. Xa no salón de baile, a reunión comezou. Había moitísimos animais. Entre eles estaban: o burro Xoán, a vaca Pepa, a coella Branca, a serpe Susi, a galiña Marcelina... todos eles para dar unha idea dun nome.


Pepa dixo: "mu". Susi dixo: "si". E Marcelina dixo: "ca".

Como non se poñían de acordo interviu o rei:

- Calma, calma! Para que non pelexedes máis, **mú-si-ca** será o nome.

E colorín colorado este conto está rematado.


FIN



Ángela-Carmen 4º A




NO PAX A TA OBBOROC



MASASHI OKI

Masashi Oki é un licenciado en Ciencias Políticas xaponés, que estivo estudando en Santiago de Compostela.



Ten unha páxina web que se chama: “Imos a Galicia! Imos a Xapón!”. Con ela quere que os galegos coñezamos a cultura xaponesa, e que os xaponeses coñezan a cultura galega. Se queremos escribir un comentario, podemos facelo en xaponés, inglés, castelán ou ... galego! Porque, si, fala moi ben o galego!

Por iso din de el que é “o xaponés máis galego, ou o galego máis xaponés.”

Tamén publicou en Xapón un libro que se titula: “Os 50 capítulos para coñecer Galicia”, xunto con outros autores.

O enderezo do seu blog é: <http://blog.livedoor.jp/galicia/>

Este é o comentario que eu escribín nel:

8. Posted by **ANGELA** April 27, 2011 23:20
Teño 9 anos. No cole, o noso profesor de inglés falounos de ti, e eu ofrecíme voluntaria para escribir unha noticia sobre ti, que será publicada na revista do colexio. So quería que o souberas. Grazas por falar galego. 🍎

E esta é a súa resposta:

Masashi (Imos a Galicia/Imos a Xapon!) para usuario 29 abr
Ola Angela,

Eu son Masashi, o autor do blogue "Imos a Galicia! Imos a Xapon!".
Moitas grazas por comentar no meu blogue, e tamen publicar un artigo sobre min na revista do teu colexio.
Oxala que construíra unha boa relacion entre Galicia e Xapon!

Moitos saudos dende Toquio,
Masashi


Ángela del Canto Soláns – 4º A






Adiviña adiviña


Ten famosa memoria,
gran tamaño e grosa pel,
e o nariz máis longo
que no mundo poida haber.



Onde ninguén sobe, escalo,
o que ninguén come, trisco,
moi pouco estou na val
pois o meu son os riscos.



En recunchos e entre ramas
as miñas redes vou tecendo,
para que as moscas encantadas
nelas vaian caendo.



Faise co leite de vaca,
de ovella e de cabra,
e sabe a bico.
Que é iso?




Inés Claudia 4ªA



A Buxaina

O galego en Galicia
fálase sen cesar
pois é unha ledicia
que esperto me fai soñar.

Este ano decidimos
dedicarllo a Lois Pereiro
que tamén el foi pequeno
e agora é o primeiro.



Lucía 4^ºB




**Refráns, pa-
satempos**






Refráns

Quen non aforra leña,
non forra cousa que teña.



Maio louro
San Xoán claro
como o ollo
do galo.



Adiviña

Está na rúa,
na rúa está
e cando o necesites,
poderás descansar.




Resposta:

Lucía Álvarez 4^ºA



Resolve os xeroglíficos


Nel gardo tab, e a miña nai sempre quere que estea ordenado.



Solución:


Cando chegue a aquela fonte, fareino.

Gastaría moito en zapatos, se non andase descalzo.



Solución:

As súas sementes están riquísimas.




Solución:

Con que conseguiches que non che voaran os apuntes coa ventana aberta?




Solución:

Mercaches algo nas rebaixas?



Solución:



Solución:

Ángela armen

Paula

Angela 4º A



ESPECIAL LETRAS



SALEZAS 2011



A NOSA LITERATURA É UNHA SUMA DE.

LOIS PEREIRO 2011

BLANCO TORRES

MURGUÍA

"XOCAS"

ELADIO RODRÍGUEZ

FREY MARTÍN SARMIENTO

LUIS SEOANE

RAFAEL DIESTE

FERRO COUSELO

ANXEL XOLE

AVILÉS DE TARAMONDO

FRANCISCA HERRERA

ÁLVARO CUNQUEIRO

BOUZA BREV

LUIS PIMENTEL

LORENZO VARELA

OTERO PEDRAYO

XOÁN GARGAS, MARTÍN

BLANCO AMOR

CELSO EMILIO FERREIRO

CODAX E MENDIÑO

U. NOVONEYRA

ALFONSO X O SABIO

VICENTE RISCO

AMADO CARBALLO

ANTÓN LOSADA

LÓPEZ FERREIRO

LAGO GONZALEZ

MANUEL ANTONIO

NORIEGA

VICENTE VIQUEIRA

VILAR PONTE

R. CABANILLAS

R. PIÑEIRO

LAMAR CARVAJAL

CUEVILLAS

GONZALO LÓPEZ

PINTOS VILLAR

CURROS

VALLADARES

ÁLVARO

BLÁZQUEZ

ROSALÍA

PONDAL

AÑÓN

M. LUGRÍS

AQUILINO IGLESIAS

CASTELAO

M. MARIÑO





A súa obra

GALEGO



Mala sorte

*E por primeira vez desde que souben
que aínda respiraba e seguía vivo
sei o que é sentir medo a non estalo*

*Interrompido na mellor escea
cando estaba soñando un soño dérmico
de paixón e beleza
cunha serea distancia literaria e sabia*

*Só ela podía ser tan inoportuna
groseira inculta e pouco delicada
chamándome despois de ter sobrevivido
á comfortable atracción do fracaso
e saber dunha vez o que era a vida
amar e ser amado.*





*SE o pasado é pasado
í o presente é o urgente
por qué inda busca a xente
aquí soño clausurado?*

*Vído visto ben Santiago
í esa cuestión non resolta
fago camiño de volta
camiño de volta fago.*

*Camiño de volta fago
volvo do cabo do Mundo.
Terra sólo en tí me fundó:
é a certeza que trago.*





Biografía



Lois Pereiro nace en Monforte en 1958. Realiza estudos de tradución en Madrid, cidade á que marcharía co seu irmán Xosé Manuel con só dezasete anos. Alí mantense economicamente vertendo ao castelán filmes e series para a televisión.

Pero en Madrid vai estar vencellado, por amizade e por proxectos comúns, ao grupo que formaba con Manolo Rivas, Antón Patiño ou Xavier Seoane. Co esforzo de todos, naceron as publicacións de pulo innovador, e agora xa míticas, *Loia* ou *Luces de Galiza*.

Porén, os riscos asumidos na vida madrileña de principios dos oitenta fixeron que Lois determinase o seu regreso á Coruña, onde se manteñen os nexos con aqueles que constituían o grupo de Madrid, e, de novo aquí, vivirá fundamentalmente do xornalismo. Iso si, no eido poético participa na publicación colectiva *De amor e desamor* e integrárase, durante 1984 e 1985, no colectivo de mesmo nome. Este feito permite que o público comece a coñecer a súa obra e a valore con compracencia.

Gaña o Concurso Nacional de Poesía O Facho: todas as súas creacións poéticas, espalladas en antoloxías ou publicacións colectivas, reúnen en *Poemas. 1981/1991*, en 1992. O seu primeiro libro publicado reflicte xa unha tendencia etiquetada como punk, moi presente na súa vida. As razóns para esta clasificación son, a saber, unha actitude certamente existencialista, de sarcasmo esmagador e corrosivo, un xogo de chiscadelas á autodestrución e á morte. No entanto, as súas influencias semellan ben sofisticadas. Prioritariamente chéganlle do centro de Europa, do expresionismo austro-alemán, de Thomas Bernhard, Peter Handke ou de Carver. Pero non hai que esquecer que Valente é referente fundamental nos seus primeiros pasos: ao seu abeiro nace como poeta.

En 1995 aparece a *Poesía última de amor e enfermidade*. Con só dous libros publicados xa define un estilo literario curto e tenso, cualificado como de economía expresiva: non se excede en recursos formais, emprega abundantemente o establecemento dicotómico de realidades elementais (amor/desamor, vida/morte). Neste derradeiro libro, en vida, de Lois, que foi reeditado nos últimos tempos, atópase un novo xeito de entender a existencia: para aprehendela en profundidade é necesario ter conciencia da morte. Isto pode ter unha interpretación vitalista que encaixaría coa rixida etiqueta de poeta maldito, ao entender que esta postura fronte á vida nace da súa propia experiencia, que se mergulla na liña que a separa da morte.





Biografía

Lois Pereiro morre pouco despois, en 1996. Nese ano do seu finamento, o seu irmán, Xosé Manuel, fai que saia á luz *Poemas para unha Loia*, constituído a partir de composicións da época madrileña, xa publicadas naquela revista *Loia*, e dun ensaio: "Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia". Nel expón moitas das súas ideas e conviccións sociais e políticas, ofrecendo unha panorámica que inclúe unha chea de referencias directas a escritores, filósofos ou políticos dos que bebe.

Ademais, deixou oito capítulos dunha novela inacabada, *Náufragos do paradiso*, publicados naquela revista que fora dirixida por Manolo Rivas, *Luces de Galiza*.

Pero Lois Pereiro tamén lle puxera letras ás melodías do grupo punk Radio Océano, que o seu irmán lideraba. Porque o esforzo de Lois estivo canalizado cara á contracultura, na que militaba con vehemencia. E así, as súas verbas tamén se debuxan en fancines ou en escolli-dos guións.

Esta condición de *outsider* provoca a reticencia dos académicos á hora de dedicarlle o Día das Letras Galegas, pasados xa máis de dez anos da súa morte, a pesar de que a súa obra é cada vez máis valorada polos lectores e máis considerada pola crítica.

LOIS





A súa obra (cont)

A MIÚDO BOTAS NEGRAS E O SEU XESTO
(ABANDONADAS DO CORPO QUE AS ESIXE)
NA POSTURA DUN ACTO DE VIOLENCIA
(SEN A EXPRESIÓN REAL DO ASASINATO)

POUSADAS COMA UN SIGNO
(DE FURIA E DE NOSTALXIA)

NA NOITE LOSTREGADA
(ESVAÍNDOSE DA MORTE SEN IMAXE)

ESLUÍDA NO REFUXIO
(DOUTRA VISIÓN QUE MEDRA)

DA PROCESIÓN DE EUFORIA
(SABENDO QUE HAI UN DRAMA ELABORA-
DO)

NA CREACIÓN VOLCÁNICA DUN SOÑO
(COMA ORIXE DO DESESPERO AGUDO)

NA IDEA PROCREADA
(DUN PAR DE BOTAS NEGRAS)

QUE NON ENTRARÍA EN MIN
(POLA PORTA DUN MUNDO QUE ME INVA-
DE)

SEN O PRUÍDO CURIOSO
(QUE AGORA ME TRASPASA)

CRAVADO SEN MOLESTIAS NOS MEUS
OLLOS
(TAN CEGOS COMA O TEU ÚTERO ESTÉRIL)





Galería de Imaxes

Áos sete meses co seu irmán



Os irmáns con familia



Coa súa nai Inés





A Buxaina





Na súa casa en 1963

Coa súa irmá Inés



En Valdeorras en 1975





Aos 20 anos

En Madrid en 1977



En Berlin en 1983





A Buxaina



En Praga

Na Coruña



En Paris en 1993







**CONTOS, POESÍAS,
HISTORIAS.....**



WIKIPIEDIA



VACACIÓNS INESPERADAS



LAURA ÁLVAREZ GONZÁLEZ 5ª



Poetas e debuxantes de 5º

O pasado 21 de decembro, os alumnos de 5º foron convidados a entrega de premios do concurso de Poesía e Debuxo "Ourense sabe acoller". Nel, os participantes tiñan que expresar o que era para eles ser inmigrante. Eran moitos colexios de Ourense.

Antes de comezar a entrega, os alumnos e profesores viron a película "Un franco, 14 pesetas". Despois, entregaron un agasallo os colexios.

Por fin chegou a entrega de premios. O noso colexio levou tres gañadores.

Martín Rey de 5º C no 3º posto de debuxo, Jorge Do Campo de 5º A no 3º posto de poesía e Antía Gómez no 1º posto de poesía. Quedaron os tres moi contentos.

Os inmigrantes



Antía Gómez López, Carla Iglesias Iglesias y Carla González 5ºB



A Buxaina



O colexio "Anexa"
é o mellor,
todos contentos
que diversión!

No colexio "Anexa"
Vamos estudar
Para aprender
E así madurar

Os seus profesores
Fannos rir
Ensinan moi ben,
E axudannos a escribir

Os alumnos estudan,
van pensar,
fan exercicios
para a`probar

Para acabar
vouves decir
unha cousiña
que farazos rir

O colexio "Anexa"
É divertido,
Tanto, que ata
Avasalla un sorriso



Martín Rey , Jose Luis 5º C



Sopa Humor



Ingredientes:

- 1 l. de caldo onde antes ferveran  
de debuxos animados.



- 1 puñado de coéegas da recente colleita.

- 2 culleradas de risa da miña  curmá pequena.

- 500grs. de los recordos do verán pasado.

- 5 culleradas de mel da especie das abellas alegres.



Elaboración:

Cando esté fervendo o caldo, bótanse as coéegas, a risa máis os recordos do verán pasado. Agárdase que coza durante 20 min. a medio lume para que colla máis substancia. Despois deste tempo apágase a coziña e espolvoreáase as culleradas de mel. Déixase reposar coa tapa posta durante 5 min. e xa está listo para servir. aconséllase esta receita en días morriñosos de inverno, de desánimo ou para cando pónen moitos deberes no colexio.

Óscar Ocampo Pérez 5º A




A Buxaina

Antosintese

¿ Que é e para que serve?

É un remedio xelatinoso e de cor branca que se administra por vía oral.

Serve para curar a enfermidade da bronquite.
Quen a padecer convértese nunha planta.



¿ Como tomar Antosintese?


Tómase despois da fotosíntese, durante unha semana.
¿ Como? Abrir o bote e coller unha cullerada. A continuación botarlle entre os cinco pingos de auga fría e meter a cullerada na boca sen pensalo dúas veces tapando o nariz.

Precaucións

- Non tomalo durante o proceso da fotosíntese.
- Non tomalo na época de polinización.
- Non tomalo cando o ceo está nubrado.

Posibles efectos adversos

En caso de ferver o composto provocará o crecemento repentino da raíz e follas lacramzas.



Pablo García Castro

5º A



LOIS PEREIRO

Lois Pereiro foi
un gran escritor,
o que máis lle gustaba
da profesión de ser autor
era escribir poesías,
/ era a súa gran paixón!

Naceu en Monforte de Lemos,
faleceu na Coruña e
viaxou a Madrid a estudar,
a Socioloxía gustáballe examinar.



O SEGREDO DAS BRUXAS

Un día nunha cidade chamada **AMENCER** había 24 bruxas que merodeaban por a vila de Vilanova, conseguiron un tesouro onde se atopaban todas as riquezas da cidade, que estaban nun escuro bosque.

Un neno chamado Óscar descubriunas e avisou a toda a cidade, pero non fixéronlle caso. Pensou e pensou e atopou a forma en descubrir o escuro secreto que traíanse as bruxas entre mans.

O día 1 de Xaneiro chamou a toda a súa banda que constaba de 14 nenos.

As bruxas que tiñan no seu poder o manuscrito da cidade non sospeitaron por aqueles rapaces que xogaban a pelota pero o que non sabían era que as estaban espiando.

Un día Óscar díxolles a os seus amigos:

- Rapaces temos que inventar un plan para quitarlle o manuscrito as bruxas, alguén ten un plan?
- Si eu - respondeu Martín Rey.

Estiveron espiando as bruxas durante 1 largo ano. Entón descubriron onde escondían os tesouros encontrados. Un día entraron a collelos cando da nada apareceron un grupo de bruxas que raptaron a Martín Rodríguez.

Ao cabo dun rato:

- A la 2 bruxas menos - dixo Martín ao saír coas bruxas nas mans.

Sabían que alí non estaban seguros entón decidiron esconderse nun lugar onde ningún neno estaría nas vacacións, no colexio.

Pensaron como despistalas pero non tiñan ningunha idea entón apareceu a banda das nenas.

Ao rato todos forense a merendar, despois dunha hora volvéronse encontrar e:

- Que facedes aquí? - preguntou Óscar.
- Vimos ha axudarvos - respondeu a xefa da banda das nenas.
- Non necesitamos a vosa axuda - dixo Óscar
- Alto aí!!! - dixo unha muller policía que se chamaba Xulia.
- Que lle pasa señora axente? - Preguntou Óscar impresionado.
- Tedes que saír da escola agora mesmo. Está pechada por vacacións - dixo Xulia.
- Vale - dixeron todos a vez.

Ao día seguinte reuníronse na casa do árbore e apareceron as bruxas raptaron a todos os nenos menos a Óscar e a banda das nenas entón:

- Agora que queres a nosa axuda si ou non - dixo Andrea a mais feroz das nenas.
- Vale pero só ata que recuperemos aos meus amigos - respondeu Óscar.

Buscaron un refuxio onde planificar as súas intervencións para conseguir salvar aos seus amigos.

Un día mentres espiaban as bruxas descubriron que as bruxas eran as súas nais e:

- Non o podo crer! - exclamou Óscar pensando como puido ocorrer.



Entón déronse conta de porque non estaban na casa cando aparecían as bruxas. Pensaron un plan para atrapar e desenmascarar o secreto das súas nais.

Ao día seguinte coma sempre iamos ir a piscina pero non sabían que colocámoslles un microchip logo dende a casa de Laura fixemos unha investigación sobre as actividades culinarias das nosas nais e de repente apareceu Emilio.

Dixo que as bruxas atopábanse na súa casa. Pero o que el non sabía era que as bruxas eran as nosas nais. María interveu dicindo que sabía unha forma de descubrilas.

Esa mesma noite xuntámonos de acampada para planificar o plan que salvaría os nosos amigos.

Mentres xogabamos apareceu a nai de Martín Rodríguez nós pensamos que ela tamén era unha bruxa pero equivocábase. Pensando que era unha bruxa a conseguimos trasladar a caseta do árbore a duras penas. Ao día seguinte intentamos interrogala pero de repente apareceu a policía Xulia entón:

- Que facedes con a señora Rodríguez - dixo a policía Xulia.

- Nada - responderon todos a vez.

- Entón porque esta atada a nai de Martín? preguntou Xulia a policía.

- É unha bruxa! - exclamou Óscar todo convencido.

Entón Xulia deuse conta de que Óscar dicía a verdade. Deuse conta que algo non cadraba e decidiu axudalos. Despois de 2 meses pensou que podería axudarlles pero como preguntábase. Ese mesmo día decidiu falar con Óscar e uniuse ao grupo. De súpeto apareceu a bruxa pensou que estabamos sos pero escondese cautelosamente a policía Xulia saltou enriba da bruxa e a deixou inconsciente. Intentaron desenmascaralas pero non puideron porque non era unha máscara era a súa cara. Pensaron como puido ocorrer cando as habían estado espiando durante 1 ano. Déronse conta de que algo non cadraba. Foron a cova onde gardaban os tesouros encontrados e descubriron onde se agochaban os seus amigos. Ao día seguinte salvaron aos seus amigos e todos xuntos dispoñeranse a intentar descubrir quen eran esas bruxas. Probaron intentando facer que dixese algo a bruxa raptada. Pero non falou. Ao cabo dun rato conseguiron información valiosa que axudaría coa investigación sobre as bruxas. Tiñan unha bruxa reina que tiña a súa disposición a todas as bruxas do mundo. Non sabía que as estaban intentando quitar o manuscrito aparentemente perdido. Conseguiron entrar no seu refuxio tiñan toda unha civilización enteira dentro dunha cova tan anana. Podíase pensar que eran unha das civilizacións máis enormes do mundo.

Entonces se encontraron coa reina e descubren que é moi amigable entón viviron felices para sempre.

OSCAR BRAVO GONZALEZ 5º



O GATO Afortunado

Era Noiteboa, cansado despois de buscar en vano un burato para colarse nunha casa , para deitarse no felpudo en fronte do calor que desprendía a estufa de leña. Malia que ninguén o quería na súa casa.

O gatiño non tiña onde refuxiarse aquela noite de inverno. Todo estaba cuberto de neve. O pobriño miraba para todos os lados, onde podía refuxiarse?, tiña moita fame e frío tamén. Pensaba que ía morrer cando de repente apareceu Papá Noel. El viu ao gatiño desfavorecido. Entón colleu a súa bufanda e envolveuno nela. Púxoo onde os demais regalos. Quedaba unha nena que non pedira nada en concreto. Na súa carta dicía que quería algo especial. Na súa bolsa de regalos só quedaba unha boneca e un xogo de mesa. Entón o ceo despexouse de repente e unha luz iluminou ao gatiño. Papá Noel comprendeu que o regalo especial era o gatiño. Sen facer un só ruído, entrou a habitación de Raquel, que era o nome da nena, e delicadamente pousou o gatiño na súa almofada e desapareceu sorrindo. A mañá seguinte, Raquel espertou e viu ao gatiño. Alegrouse tanto que lle puxo de nome Afortunado. Eso era outra cousa que Afortunado non tivera nunca ata agora. E así o gatiño presentiu que viviría feliz con esa nena tan boa.

MARIA VARELA 5º C



A NOSA LINGUA

O latín foi ata o século XVIII a única lingua da Administración e da literatura galega. No 1250 o galego asume as funcións do latín e convértese en lingua Oficial de Galicia e todas as clases sociais empregaban o galego para se comunicaren. Galicia era un país monolingüe.

Dende o século XVIII redáctanse en Galicia moitos documentos administrativos e xudiciais. Contratos, testamentos, actas e acordos dos Concellos, etc. Nos séculos XIX e XX o galego chegou a cubrir case todas as funcións propias dunha lingua nacional pero non era lingua normal de relación coa corte.

En tempos de Fernando III (s. XIII) penetra o castelán en Galicia pola chegada da nobreza foránea. O noso país intégrase submisivo na Coroa de Castela e o galego desapareceu da Administración aínda que seguía sendo a lingua lírica por excelencia na Península Ibérica.

Nos séculos escuros (XVI, XVII e XVIII) o castelán era o idioma falado e de prestixio, usado polas administracións civís e eclesiásticas e tamén do mundo da cultura. O galego queda para as conversas informais e sobre todo para os analfabetos.

En 1906 constitúese a Real Academia Galega e en 1916 fúndase a 1ª Irmandade de Amigos da Fala na Coruña. Séguena outras repartidas polas principais vilas e cidades galegas e foron creadas para a defensa, dignificación e cultivo do idioma. Para difundir o seu ideario editaron unha publicación periódica totalmente en galego: "A nosa Terra". Nesta fase nacionalista do galeguismo a rehabilitación do idioma é unha reivindicación fundamental.

Os membros de "Nós" cunha ampla formación cultural, marcan como finalidade a eliminación do lastre folclorista da cultura galega mediante a súa actualización e universalización. O "grupo Nós" estaba formado por Vicente Risco, Otero Pedrayo e Florentino Cuevillas e a eles ligase a figura de Castelao.

En 1931 créase o Partido Galeguista que consegue a aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia, no que a lingua galega adquire por primeira vez o recoñecemento de "idioma oficial de Galicia".

O 20 de marzo de 1963 tres membros da Real Academia Galega: Manuel Gómez Román, Xesús Ferro Couselo e Francisco Fernández del Riego propuxeron o 17 de maio como o Día das Letras Galegas como data para recoller o latexo material da actividade intelectual galega Gallegos" de Rosalía de Castro, porque esta era descoñecida, senón porque nese día Rosalía de Castro adicáralle o libro a Cecilia Böhl de Faber, poeta coñecida como Fernán Caballero.

Cada ano adicouse a algún poeta ou escritor, dende Rosalía de Castro (1963) ata Lois Pereiro (2011). Hoxe a parte da reivindicación inicial é un día de festa para todos os galegos.

Emilio Paradela Rodríguez, Borja Sáenz Cortés e Cristina Vázquez Pérez e (5°C)



O MEU BLOG E O CONCURSO


<http://www.edu.xunta.es/centros/ceippracticassourense/>



PROPUXÉMONOS A PRIMEIROS DE CURSO O ELABORAR UN BLOGG. TAMNÉN QUIXEMOS QUE ESTE BLOGG TIVESE UN TÍTULO E UN ANAGRAMA QUE SAÍSE DUN CONCURSO FEIRO ENTRE TODOS OS RAPÀCES E RAPAZAS DO COLEXIO. O RESULTAOD DO MEISMO FOI....



alumnos/as ganadores/as




TÍTULO E IMAXE XERAL DO BLOGG

ALVARO 5º A



TÍTULO E IMAXE DO BLOGG DE INFANTIL MARTINA





TÍTULO E IMAXE L DO BLOGG DE 1º CICLO DE PRIMARIA FERNANDO IGLESIAS



Amexa . Saber galego . com


Fernando
Iglesias



A Buxaina

**TÍTULO E IMAXE L DO BLOGG DE 2º CICLO DE PRIMARIA ÁNGELA
CARMEN**

Ángela-Carmen del Canto Soláns.
Nº 18- 4ºA





TÍTULO E IMAXE L DO BLOGG DE 3º CICLO DE PRIMARIA ANTÍA ÁLVAREZ







A Buxaina


alumnos/as finalistas

infantil







1º ciclo de primaria





2º ciclo de primaria






3º ciclo de primaria



O NOSO
TESOURO

Mauro 5º A


Uxía López



Laura Rey 5º C



DO



*Pasatempos
encrucillados,
sopa de le-
tras.....*

AO





SOPA DO INGLÉS

Busca 6 palabras en inglés. Sigue as pistas.

1. Parécese a váter.
2. Ás veces, pode ser de amorodos ou cereixas.
3. Pódela tocar, non a podes ver e non é a lingua.
4. Cómesse, son pequenos, redondos e verdes.
5. É largo e ponse cando fai frío.
6. Aínda que perdas eles apóiante.

W	F	I	N	A
J	A	M	G	Z
F	N	T	L	O
P	C	F	E	U
E	O	R	S	R
A	A	I	U	H
S	T	E	O	R
S	C	N	N	E
L	G	D	E	T
N	J	S	I	K

4º A RITA E RAÚL



SOPA DE IDIOMAS

ÁNGELA ABELLÁS CONDE

PAULA CRESPO MORAIS

4º A

GALEGO




A	C	K	J	M	S	X	O	B	Z
Í	U	J	B	P	P	A	S	I	P
É	L	P	A	A	P	W	T	S	W
M	L	Z	N	O	L	S	P	T	R
U	E	S	I	P	O	Ó	X	E	Z
O	R	Z	P	Ó	N	J	N	C	A
W	A	S	R	Á	Z	A	M	R	I
K	M	L	M	B	M	P	R	O	R
R	J	B	A	R	C	O	E	G	O
S	W	Ñ	P	Y	X	R	J	P	N
C	O	C	H	E	Z	T	H	I	E
A	C	O	C	I	Ñ	A	K	U	C

DESCUBRE AS PALABRAS AS QUE SE REFIREN AS PISTAS , TRADÚCEAS AO GALEGO E AO INGLÉS, E BÚSCAAS CADA UNHA NA SÚA SOPA DE IDIOMAS.

- 1.- Froita que ás veces é vermella, outras amarela, pero normalmente é verde.
- 2.- ¿En que navegas os mares?.
- 3.- Utensilio de cociña co que se come a sopa.
- 4.- Sinónimo de filete.
- 5.-O transporte máis clásico.
- 6.- Hortaliza laranxa.
- 7.-Co que se xoga ao baloncesto.
- 8.- Por onde se entra e se sae dalgún sitio.
- 9.- Onde se cociña.
- 10.- Unha habitación da casa que tanto en galego como en inglés empeza por ba e unha das cousas que podes facer nela é asearte.


INGLÉS



S	J	K	U	S	E	L	P	P	A
D	B	L	J	O	S	U	T	X	W
M	O	N	K	I	T	C	H	E	N
Q	A	W	Ñ	P	E	Y	T	Q	U
A	T	O	B	C	A	R	O	P	A
T	J	I	P	A	K	S	O	I	E
K	R	Q	S	R	L	B	R	T	I
P	D	O	O	R	T	L	E	A	Ñ
S	Q	S	P	O	O	N	I	O	Y
O	P	X	Y	T	R	K	J	J	T
Ñ	O	S	P	A	T	I	Q	U	K
B	A	T	H	R	O	O	M	G	S



RESOLVE ESTE ENCRUCILLADO EN INGLÉS



- 1.- Alimento que se obtén das vacas.
- 2.- Dous xemelgos, cada un nunha perna.
- 3.- Zapatos que serven para facer deporte/calzado deportivo.
- 4.- Instrumento que se utiliza para comer.
- 5.- Persoa que nos fai rir.
- 6.- Espectro.
- 7.- Nun equipo, o que para os goles.
- 8.- Habitación na que durmimos.
- 9.- Habitación na que comemos e cociñamos.

Ángela del Canto Soláns – 4º A

SOLUCIÓN:


1.- Milk 2.- Feet 3.- Trainers 4.- Spoon 5.- Clown 6.- Ghost 7.- Goalkeeper 8.- Bedroom 9.- Kitchen.



A Buxaina

Busca na sopa de letras ~~de~~ nomes de animais en inglés.

- LION
- DOG
- DOLPHIN
- PENGUIN
- ELEPHANT
- TIGER
- CAT
- BEAR
- GIRAFFE
- MONKEY



L I B R O T

M C A R L C O N T

G B E A R L A Z O

A I R I A S H A T S T A

B R M O T P M C A R L O T A

D A S T E I A T I G E R

O F O L U Z R D T R E

P F E V I I D O G O T i

E E U Z Y O A V L W X Z Q

A P P L E U N R P I R I A

O I C B D A K Y H H M O U

P E N G U I N I S T

L Z S E K N O M

Luz María Fernández López,
Carola Fernández Carde.

Iria González Álvarez-Ron.

